

# DOUS PROXECTOS POÉTICOS

O PROFESOR LUCIANO RODRÍGUEZ, A TRAVÉS DE DÚAS PUBLICACIÓNS, PROXECTA A NOSA LÍRICA AO ÁMBITO FRANCÓFONO E REPENSA AS POSIBILIDADES DO XÉNERO ENSAIANDO NOVOS CAMIÑOS

Desemellantes nas súas intencións, pero alicerzadas nunha común intención de espallar o feito poético propio, coinciden no tempo dúas publicacións a través das que Luciano Rodríguez, profesor da Universidade da Coruña, ensaia camiños que promoven, nun primeiro caso, a proxección exterior da nosa lírica contemporánea, ou máis propiamente de parte dela, e, por outro lado, materializa nun libro unha proposta expositiva nonnata que, inspirándose na visualidade e no exercicio da lectura dos textos poéticos, debora desenvolverse na cidade da Coruña hai algún tempo.

## POESÍA GALEGA EN FRANCÉS

Hai por volta duns dez anos, Anxo Angueira e mais a tradutora e profesora de francés Emma Lázare, deran a coñecer un libro do que moito se falou naquela altura baixo o título de *La poésie galicienne de 1936 à 1990*. No ronsel daquel volume, paréceme, publícase arestora, en versión bilingüe galego-francés, *Dezasete poetas galegos. Dix-Sept poètes galiciens*, que recolle unha escolma representativa da produción poética galega que viu a luz no período de 1975 ao ano 2000, da man selectiva de Luciano Rodríguez e con traducións a cargo de Xosé Carlos Carrete e Francine Sucarrat.

A proposta, dirixida fundamentalmente ao lector francés, constitúe unha carta de presentación nese sistema literario do que, basicamente, aquí coñecemos en liñas xerais como «poetas dos oitenta»: de Xavier R. Baixeras a Ramiro Fonte, de Xosé María Álvarez Cáccamo a Luís Tosar, de Ana Romaní a Pilar Pallarés entre outros. Deste xeito, na preceptiva introdución do libro cífranse, moi

brevemente, os trazos do grupo a xeito de elementos caracterizadores e con vontade explicativa para o lector foráneo: culturalismo, preocupación polos aspectos formais e pola lingua, harmonización entre tradición e modernidade sinalando, asemade, as liñas temáticas principais transitadas polas voces deste grupo: amor e sensualidade, a fuxida do tempo, a morte, a presenza da natureza, o carácter en ocasións elexíaco ou cívico presente na obra dalgúns dos seus membros e, ás veces, a propia poesía como asunto discursivo.

## POESÍA SUSPENSA «SUSPENDIDA»

Iniciada por un limiar trilingüe —galego, castelán e inglés— estoutra proposta, concibida e deseñada tamén por Luciano Rodríguez, ten a súa orixe nunha exposición de textos poéticos destinada para as arcadas da praza de María Pita e que se lle solicitara para celebrar o denominado World Poetry Day o ano pasado. O evento, que non chegou a tomar corpo por diversas razóns, consistiría na exposición dos poemas escritos en lonas.

A través deste libro queda a memoria e a materialización do que puido ser a iniciativa, recolléndose os heteroxéneos textos poéticos de autores vivos que a alimentarían: poemas breves, con mensaxe concentrada, en galego, castelán e portugués, e tamén noutros idiomas vertidos en traducións ao galego, de autoría moi diversa e que se debería entender como un magnífico procedemento para popularizar e facer accesible un xénero, para que este vaia máis alén do papel. Unha proposta da que así queda testemuño e que cumpriría volver botar a navegar.

Ramón Nicolás



POESÍA

## «Dezasete poetas galegos. 1976-2000»

Luciano Rodríguez (selección e edición). Universidade da Coruña, 248 páxinas. 15 euros. \*\*\*



POESÍA

## «Poesía suspensa»

Luciano Rodríguez (selección e edición). Espiral Maior-Pen Clube de Galicia, 84 páxinas. 12 euros. \*\*\*